

As mediadoras somos redeiras das palabras. Estendemos os nosos libros alí onde sabemos que o peixe pode caer. Cosemos os ocos, cambiamos títulos e procuramos o cardume da lectura cando as mareas son propicias. Tamén saímos con marusía, en contextos nos que as nosas redes teñen máis difícil prender. Mais nós, que somos bravas e sabemos de lúas, recoñecemos os lugares nos que os libros poden ser abrigo, boa temperatura, un peirao ao que volver.

Así, retamos as ondas en cada madrugada e ás veces prodúcese o milagre. Aparecen mans novas que recollen palabras das nosas mans e as ceiban dentro de si, xa para sempre. Por iso, nunca paramos de aprender novas artes de pesca para saír ao mar do mundo. Para nosoutras, silandeiras e navegantas, todos os días son o día do libro.

Recoñécemonos doadamente entre nós. Levamos prendida algunha letra invisible na saia, a cabeza cuberta por un puchón de la ben quentiño (alí onde se gardan as mellores historias) e as nosas botas deixan a marca indeleble dalgún verso. E cumprimos, mentres cuestionamos, os códigos non escritos da nosa tribo de auga e sal:

Dirás Agustín Fernández Paz, Sonia Delaunay, Fina Casalderrey, Ángel González, Ledia Costas, Shel Silverstein, Keta Pacóvska, Anthony Browne, Rosalía (De Castro e Fernández Rial) e acenderás estrelas na noite.

Amarás a Michéle Petit e a Daniel Pennac sobre todas as cousas (inda que saibas que o verbo amar, como o verbo ler, non soporta o imperativo).

Lembrarás e transmitirás os retrousos que che aprenderon, cantarás os alalás que che cantaron, contarás os contos que che contou esa voz que inda lembras agora, cando pechas os ollos.

Buscarás a mellor marea, o día axeitado, a hora precisa. Porque sabes que para que os peixes cativos veñan e prendan hai que darlles espazos, subtís e variados, onde poder ser e falar de libros.

Arriarás as túas redes para que se enchan de historias que provoquen, que conmoven, que fagan pensar, inda que resulten incómodas para algúns. Polo mesmo, fuxirás dos libros "para" como quen foxe da más poderosa das treboadas.

Encherás o teu paxe de libros tamén para ti, porque só da beleza e da estrañeza sae a verdadeira literatura (e segues a precisar cuidar o teu propio mar).

Collerás a emoción que che suxiren as palabras e non terás medo de que se vexa no mar bravo, na aula ou na biblioteca. Velaí a túa forza.

Vizosa a nosa estirpe que tece redes arredor das historias!

Montse Pena Presas

